Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A princesiña troita

No lugar de Couto de Arriba (Couto de A. nos indicadores da estrada), parroquia de Ramil, concello de Castro de Rei (Lugo), a carón da Casa Grande,hai unha fonte cunha boa poza, mesmo á par da capela dedicada a Santa Ana. Quen se refresca naquela auga e ten vagar pode chegar a ver unha troita lizgaira e desconfiada, que observa desde a boca dunha furna a quen a mira. E é que aquela troita a figura dunha princesiña moura que está alí encantada, quen sabe por quen nin por que motivo. Agardará, supoñemos, a visita do desencantador capaz de volverlle a figura de princesa que foi noutrora.



BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

RIELO CARBALLO, I., Cancioneiro da Terra Cha (Pol), Sada, O Castro, 1980.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Pequena mitoloxía de Galicia, Xerais, Vigo, 2001.

REIGOSA CARREIRAS, A., «Notas para unha clasificación das historias e lendas da Terra Cha», en El Progreso, 9-VIII-1989.